



## **ORDENANZA REGULADORA DA VENDA AMBULANTE E DAS ACTIVIDADES FEIRAIS**

### **TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS.**

#### **Artigo 1. Obxecto.**

Esta Ordenanza ten por obxecto regular o exercicio da venda ambulante dentro do termo municipal de Castrelo do Val e a ordenación das actividades feirais que se realicen no municipio e apróbase de conformidade co disposto nos artigos 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 1.1 do Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o regulamento de servizos das corporacións locais, na Lei 1/1996, do 5 de marzo, de regulación das actividades feirais de Galicia –modificada pola Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior-, a Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio polo miúdo, a Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia; o Real Decreto 199/2010, do 26 de febreiro, polo que se regula o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria. Así mesmo, tivéronse en conta os principios da Lei 17/2099, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

Considérase venda ambulante ou non sedentaria a realizada por comerciantes fora dun establecemento comercial permanente de forma habitual, ocasional, periódica ou continuada, nos perímetros ou nos lugares autorizados, en instalacións comerciais desmontables ou transportables, incluíndo os camións-tenda.

Terán a condición de actividade feiral as manifestacións de carácter comercial de duración limitada que reúnan unha pluralidade de expositores e teñan por obxecto a exhibición de bens ou a oferta de servizos.

A organización, intervención e inspección da venda ambulante correspóndelle ao Alcalde ou concelleiro en quen delegue.

#### **Artigo 2. Exclusiones.**

As disposicións desta Ordenanza non serán de aplicación ás seguintes vendas ambulantes:

- Venda directa exercida polos agricultores limiada á súa propia produción.
- Vende de obxectos de artesanía realizada polos propios produtores, con motivo das festas, feiras e acontecementos populares.
- Venda puramente ocasional de xornais, plantas e flores, así como de obxectos usados da pertenza particular do vendedor.

Así mesmo, quedan excluídas do ámbito de aplicación desta Ordenanza as seguintes actividades feirais:



-As feiras ou os mercados dedicados fundamentalmente ás transaccións de gando, produtos agrarios e pesqueiros e outros de uso ou consumo corrente, con independencia da súa periodicidade.

-As feiras que, con independencia da súa periodicidade, se dirixan ao público en xeral e teñan por obxecto a venda directa con retirada de mercadorías durante o seu desenvolvemento.

-As actividades de carácter promocional organizadas polos establecementos comerciais, con independencia da súa duración.

-As exposicións que teñan por obxecto a exhibición, con ou sen venda, de produtos da cultura, a ciencia, a educación e a arte.

### **Artigo 3. Modalidades.**

O exercicio da venda ambulante ou non sedentaria poderase realizar nalgunha das seguintes modalidades:

-Venda en mercados periódicos.

-Venda en mercados fixos.

-Venda en postos desmontables instalados na vía pública.

-Venda en mercados ocasionais.

-Venda mediante camiións ou vehículos – tenda.

Por conseguinte, a venda ambulante só poderá levarse a cabo nos mercados periódicos, fixos ou ocasionais, así como nas zonas da vía pública que autorice o Concello de Castrelo do Val.

Con carácter excepcional a Alcaldía poderá autorizar a venda ambulante noutros lugares con motivo de festas, acontecementos populares ou celebracións especiais. Cando os ditos motivos así o aconsellen, ou por causa de orde pública, a Alcaldía poderá suspender ou modificar a data de celebración do mercado.

As actividades feirais que constitúen o ámbito de aplicación desta Ordenanza clasifícanse:

-Por razón da súa periodicidade, en feiras e exposicións: aquelas actividades feirais dirixidas fundamentalmente ao público profesional, nas que non se realicen vendas coa retirada de mercadorías durante o seu desenvolvemento.

-Por razón da oferta exhibida, en multisectoriais e monográficas: as multisectoriais son aquelas feiras ou exposicións en que se exhiba unha oferta representativa de distintos sectores da actividade económica e as monográficas son aquelas respecto das cales a oferta se refira a un único sector.

## **TÍTULO II. DA VENDA AMBULANTE.**

### **Artigo 4. Requisitos.**



Para o exercicio da venda ambulante esixirase o cumprimento dos seguintes requisitos:

- Estar dado ou dada de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e, de ser o caso, no imposto de actividades económicas.
- Cumprir os requisitos das regulamentacións de cada tipo de produtos.
- Estar en posesión, de ser o caso, do certificado acreditativo de ter recibido formación en materia de manipulación de alimentos.
- Satisfacer as taxas e os tributos fixados nas Ordenanzas fiscais deste municipio.
- Dispor dos permisos de residencia e traballo que, en cada caso, fosen esixibles, se se trata de persoas extranxeiras.
- As persoas xurídicas deberán acreditar os seguintes aspectos: o CIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada á persoa que asina a solicitude de autorización en representación da empresa.
- Dispor de seguro de responsabilidade civil en vigor.

#### **Artigo 5. Autorizacións.**

Corresponderalle ó Concello de Castrelo do Val determinar a zona de localización para o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria, fora da cal non se poderá exercer a actividade comercial. Os postos de venda ambulante ou non sedentaria non se podrán situar nos accesos a edificios de uso público, establecementos comerciais e industriais, nin diante dos seus escaparates e exposicións, nin en lugares que dificulten estes accesos e a circulación peonil ou de vehículos.

Para cada localización concreta e por cada unha das modalidades de venda ambulante ou non sedentaria que o comerciante se propoña exercer, deberá solicitar unha autorización, que será outorgada polo Concello de Castrelo do Val.

O exercicio da venda ambulante requirirá a previa autorización municipal para cada localización concreta e por cada unha das modalidades de venda ambulante que o comerciante se propoña exercer.

A autorización municipal para o exercicio da venda ambulante ten as seguintes características:

- a) A súa concesión ten carácter discrecional, estando supeditada ao interese xeral.
- b) Pode ser revogada unilateralmente por incumprimento das condicións do seu outorgamento ou da normativa vixente.
- c) Terá unha duración máxima de tres (3) anos, que coincidirá cun trienio natural. As autorizacións trienais poderán renorvarse de forma expresa por idéntico periodo. As autorizacións cuxo periodo de validez sexa inferior a un ano, extinguiráanse na data sinalada expresamente na autorización.
- d) É persoal e será transmisíbel previa comunicación ao Concello de Castrelo do Val. O/a novo/a titular terá que reunir os requisitos esixidos nesta Ordenanza para o exercicio



da actividade, quedando subrogado nos dereitos e obrigacións que corresponderían ao titular cedente. A transmisión dunha autorización non afectará ao seu período de vixencia, que se manterá polo tempo que reste ata a finalización do prazo de duración.

No caso de que o impedimento para o exercicio da venda que autoriza a licenza municipal sexa temporal ou transitorio, o titular, mantendo tal condición, poderá ser substituído, previa autorización municipal, polos familiares en primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, sempre que o familiar proposto non sexa titular doutra autorización e que estea dado de alta na Seguridade Social, cando proceda, todo o cal deberá documentarse adecuadamente.

e) Os titulares da autorización ou licenza, nos mercados periódicos, poderán designar a un suplente, cuxos datos persoais se farán constar na autorización. Exclusivamente estará habilitado para o exercicio da venda ambulante cando por causa de enfermidade, por atender a obrigacións públicas ou oficiais de carácter inexcusable, por circunstancias de forza maior ou outras de carácter excepcional, o titular estea impossibilitado para o exercicio da actividade, e so poderá substituílo durante o tempo no que concorran tales circunstancias. O suplente non poderá ser titular de licenza deste concello para o exercicio da venda ambulante. A condición de suplente non xerará dereito ningún de cara á ulterior concesión de licenzas para o exercicio da venda ambulante.

f) Referencia á obriga de coñecer e cumprir a normativa xeral de ordenación do comercio, a disciplina do mercado e a protección do consumidor.

g) Condicións particulares ás que, se é o caso, quede suxeito o titular da autorización.

O titular da autorización de produtos de alimentación e herbodietética deberá, adicionalmente, cumprir os requisitos que impón a normativa sanitaria.

O Concello de Castelo do Val poderá revogar unilateralmente a autorización en caso de incumprimento da normativa.

## **Artigo 6. Produtos obxecto de venda ambulante.**

As autorizacións deberán especificar o tipo de produtos que poden ser vendidos.

Poderán ser ofrecidos á venda artigos textiles, de artesanía, bisutería, marroquinería, calzado, confección, droguería, artigos de coiro ou pel, de ornato de pequeno volumen, así como produtos alimenticios quenon estean expresamente prohibidos pola normativa vixente. Autorízase a venda en camións-tenda de pan, froita, queixos, produtos envasados, peixe fresco e conxelado, así como outros produtos alimenticios nos que a súa venda en réxime de ambulancia estea autorizada pola normativa estatal ou autonómica aplicable, cando se cumpran as condicións sanitarias e hixiénicas que establece a lexislación sectorial sobre a materia para cada tipo de produto. En concreto, non poderá vender produtos destinados ao consumo humano quen careza do carné de manipulador de alimentos.

## **Artigo 7. Solicitudes.**



1.As solicitudes de autorización ou licenza para o exercicio da venda ambulante presentaránse, con carácter xeral, polo menos cunha antelación dun mes respecto da data fixada ou prevista para o inicio da actividade.

2.As ditas solicitudes formularánse no modelo normalizado que se proporcionará nas oficinas municipais, no que se especificará os seguintes datos:

a)Para as persoas físicas: nome, apelidos e documento nacional de identidade do/a interesado/a e, se é o caso, da persoa que o represente, así como a identificación do domicilio que se sinale para os efectos de notificacións.

c)Para os cidadáns extranxeiros: nome, apelidos, documento nacional de identidade do representante legal, así como a identificación do domicilio que se sinale para os efectos de notificación.

d)A identificación, se é o caso, da/s persoa/s con relación laboral ou familiar que vaian colaborar no desenvolvemento da actividade.

e)Modalidade de venda ambulante para a que solicita autorización, con descripción da actividade, oficio e/ou produtos obxecto de venda e características das instalación (medidas, estrutura, etc).

f)Lugar e datas de exercicio da venda ambulante.

g)A matrícula, marca, modelo e cor do vehículo que se utiliza para a venda.

h)Lugar, data e sinatura do/a solicitante.

3.Xunto coa solicitude referida, o/a solicitante presentará:

-Dúas fotografías de tamaño carné do titular e/ou do/a traballador/a autorizado pola sociedade que exercerá a actividade comercial.

-Unha declaración responsable asinada, na que manifieste:

a.O cumprimento dos requisitos establecidos.

b.Estar en posesión da documentación que así o acredite a partir do inicio da actividade.

c.Manter o seu cumprimento durante o prazo de vixencia da autorización.

d.Estar dado de alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas e estar ao corrente no pago da tarifa ou, en caso de estar exentos, estar dado de alta no censo de obrigados tributarios.

e.Estar ao corrente no pago das cotizacións da Seguridade Social.

f.Os procedentes de terceiros países deberán acreditar o cumprimento das obrigacións establecidas na lexislación vixente en materia de autorizacións de residencia e traballo.

g.Reunir as condicións esixidas pola normativa reguladora do produto ou produtos obxecto da venda ambulante ou non sedentaria.



h.Ter subscrito póliza de seguro de responsabilidade civil que cubra calquera clase de risco derivado do exercicio da súa actividade comercial.

i.Declaración expresa de que o solicitante coñece a normativa sectorial aplicable no termo municipal.

j.Os vendedores non poderán deixar lixo na vía pública.

4.A circunstancia de estar dado de alta e ao corrente do pago do imposto de actividades económicas ou, se é o caso, no censo de obrigados tributarios, deberá ser acreditada, a opción do/a interesado/a, ben por él mesmo, ben mediante autorización ao Concello para que verifique o seu cumprimento.

### **Artigo 8. Información.**

O/a comerciante deberá ter expostos para o público e para as autoridades que realicen actuacións inspectoras, de forma fácilmente visible:

-Os datos persoais.

-A autorización municipal.

-Un enderezo para a recepción das posibles reclamacións durante o exercicio da actividade.

No caso de venda ambulante mediante camións ou vehículos-tenda e de postos desmontables cubertos, a identificación e o domicilio do comerciante deberán figurar tamén nas portas ou bandas laterais daqueles, ben sexa impresos directamente ou mediante carteis adheridos, e coas dimensións e caracteres necesarios para que resulten perfectamente visibles para o público.

### **Artigo 9. Obrigas.**

Son obrigas dos/as titulares das licencias:

a)Pagar as taxas correspondentes ao aproveitamento especial da vía pública dentro dos prazos establecidos.

b)Exercer a actividade ou vender exclusivamente os produtos ou xéneros par os que fosen autorizados.

c)De utilizaren pesas ou medidas, telas debidamente homologadas pola autoridade competente.

d)Observar as normas sanitarias que establezcan as disposicións vixentes.

e)Cumprir cantas obrigas impoñan as disposicións aplicables por razón da actividade que exerzan, especialmente en materia de disciplina de mercado e comercialización.

f)Manter as instalación, postos e demais elementos de venda nas debidas condicións de seguridade, hixiene, conservación e limpeza. Deberán, ao remate da xornada comercial, deixar limpos de residuos os espazos ocupados.



g) Reparar as deterioracións ocasionadas na vía pública e instalacións, tanto durante o aproveitamento coma ao remate.

h) Ter exposto par o público e para as autoridades que realicen actuacións inspectoras, en forma fácilmente visible, os seus datos persoais, a autorización municipal e un enderezo para a recepción das posibles reclamacións durante o exercicio da actividade. No caso de venda ambulante mediante camións ou vehículos-tenda e de postos desmontables cubertos, a identificación e o domicilio do comerciante deberá figurar tamén nas portas ou bandas laterais daqueles, ben sexa impresos directamente ou mediante carteis adheridos, e coas dimensións e caracteres necesarios para que resulten perfectamente visibles para o público.

i) Mostrar a factura de compra dos produtos cando sexa requerido polas autoridades competentes e amosar os xustificantes do pagamento das taxas aos axentes municipais cando o requiran.

k) Cumprir as demais disposicións desta Ordenanza.

Os/as vendedores/as ambulantes deberán cumprir no exercicio da súa actividade mercantil a normativa vixente en materia de exercicio do comercio e da disciplina do mercado, así como responder dos produtos que venda, todo isto de cordo co estbrecido polas leis e demais disposicións vixentes.

A venda ambulante exerceráse en postos de venda desmontables ou transportables ou en camións ou vehículos-tenda que ofrezan as condicións de seguridade e de hixiene esixidas pola normativa específica vixente.

#### **Artigo 10. Clases de infraccións.**

Segundo o regulado no artigo 104 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, terán a consideración de infraccións leves:

-As simples inobservancias das disposicións establecidas nesta Lei que non teñan repercusións económicas nin prexuízo para as persoas consumidoras.

-Non exhibir a necesaria autorización, homologación ou comunicación na forma legal ou regulamentariamente establecida.

-En xeral, incumprir as obrigas establecidas nesta Lei que non sexan obxecto de sanción específica.

Terán a consideración de infraccións graves (artigo 105 d) da, Lei 13/2010, no referente á venda ambulante ou non sedentaria:

-Practicar a venda fora dos perímetros e/ou dos lugares autorizados ou con transgresión dos días e dos horarios establecidos.

-Practicar a venda calquera persoa non autorizada ou comerciantes que incumpran os requisitos establecidos nesta lei, nos regulamentos o unas ordenanzas reguladoras.

-Practicar a venda en lugares que non reúnan as condicións establecidas nesta lei, nos regulamentos o unas ordenanzas reguladoras.



Consideraránse ademais infraccións graves:

-Negarse ou resistirse a subministrar datos ou a facilitar a información requirida polas autoridades ou plos funcionarios e axentes da Administración comercial no exercicio das súas funcións de comprobación, e a subministración de información inexacta ou incompleta.

-Incumprir as disposicións administrativas relativas á prohibición de comercializar ou distribuír determinados produtos.

-Esixir prezos superiores a aqueles que fosen obxecto de fixación administrativa.

-Incumprir os prazos máximos de pagamento que establece o apartado 3 do artigo 15 da Lei 13/2010, así como non entregaren as persoas comerciantes ás súas persoas provedoras un documento que leve aparellada a execución cambiaria, e faltar á entrega dun efecto endosable á orde nos supostos e nos prazos previstos no apartado 4 do artigo 15 da Lei 13/2010.

-Incumprir, por partede quen outorgue o contrato de franquía, a obriga de comunicación do inicio da actividade ao rexistro previsto no artigo 92.2 da Lei 13/2010, no prazo a que se refire ese precepto, así como non actualizar os datos que con carácter anual deban realizar.

-Non deixar constancia documental da data de entrega de mercadorías polos provedores ou falsear este dato.

-Cursar información errónea ou claramente insuficiente cando esta se solicite de conformidade coa normativa aplicable e teña carácter esencial, se xeren graves danos ou exista intencionalidade.

-Reincidir na comisión de infraccións leves.

Terán a consideración de infraccións moi graaves (artigo 106 da Lei 13/2010):

-Exercer actividades comerciais en establecementos comerciais individuais ou colectivos que non obtivesen a autorización autonómica a que se refire o artigo 29 da Lei 13/2010 cando esta sexa preceptiva.

-Negarse ou resistirse a subministrar datos ou a facilitar a información requirida polas autoridades e polos seus axentes no exercicio das súas funcións de inspección, cando se efectuara a través de violencia física ou verbal ou calquera outra forma de presión.

-Cometer as infraccións cualificadas como graves, sempre que supuxesen unha facturación, afectada pola infracción, superior a un millón de euros.

-Reincidir na comisión de infraccións graves.

-Deixar lixo na rúa.

### **Artigo 11. Competencias sancionadoras.**

A competencia para iniciar os procedementos sancionadores derivados das infraccións tipificadas na Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior en Galicia,





corresponderalle á persoa que posúa a titularidade das respectivas xefaturas territoriais da consellería competente en materia de comercio (artigo 113.1 da Lei 13/2010).

Porén, a devandita competencia corresponderalle á dirección xeral competente en materia de comercio no caso de infraccións administrativas que afecten o ámbito territorial de dúas ou máis provincias da Comunidade Autónoma de Galicia (artigo 113.2 da Lei 13/2010).

A competencia para a resolución dos expedientes sancionadores corresponderalles (artigo 113.3 da Lei 13/2010):

- Nos supostos de infraccións moi graves, ao Concello da Xunta de Galicia.
- Nos supostos de infraccións graves, a quen desempeñe a titularidade da consellería competente en materia de comercio.
- Nos supostos de infraccións leves, á persoa titular da xefatura territorial correspondente da Consellería competente en materia de comercio, cando afecten unicamente ao seu respectivo ámbito territorial, e á persoa titular da dirección xeral competente en materia de comercio nos casos de infraccións que afecten ao ámbito territorial de dúas ou máis provincias do territorio galego.

As infraccións tipificadas no referido á licenza municipal de apertura e no relativo á venda ambulante ou non seentaria, serán sancionadas polas persoas titulares das alcaldías, de conformidade co previsto na citada Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia (artigo 113.4, da Lei 13/2010).

## **Artigo 12. Clasificación das faltas e do procedemento sancionador.**

1.O incumprimento das normas establecidas nesta Ordenanza orixinará a incoación do correspondente procedemento sancionador. As faltas clasifícanse en leves, graves e moi graves.

2. Son faltas leves:

- a.Incumprimento das datas e dos horarios establecidos para a venda.
- b.Falta de ornato ou limpeza das instalación de venda e da súa zona circundante.
- c.A non exhibición, durante o exercicio da actividade e en lugar perfectamente visible, da autorización municipal se disponen dela.
- d.A ocupación para a venda dunha superficie ou espazo maior que o autorizado.
- e.Colocar as mercadorías á venda no cahm.
- f.Colocar a mercadería nos espazos destinados a corredores e espazos entre postos.
- g.Non retirar o posto dentro do horario establecido.
- h.Producir ruidos, gritos, música ou empregar megafonía para anunciar a venda de produtos para reclamar a atención do público.



i. Causarlles aos usuarios ou aos outros vendedores molestias evitables, ou facelos obxecto de trato irrespetuoso ou indecoroso.

j. Calquera outra acción ou omisión que constituía incumprimento dos preceptos desta Ordenanza e que non estea tipificada como infracción grave ou moi grave.

3. Son faltas graves:

a. A reiteración por dúas veces nun ano en faltas leves.

b. Non cumprir as normas de seguridade das instalacións e dos seus elementos.

c. A venda de produtos distintos dos autorizados.

d. A instalación de posto en lugar distinto do autorizado.

e. O exercicio da actividade por persoa distinta ás autorizadas.

f. Non acreditar mediante factura ou autorización a procedencia da mercadoría.

g. A desobediencia ás normas de orde e indicacións da autoridade municipal.

h. Carcer de follas de reclamacións ou a negativa a entregalas.

i. Dificultar ou estorbar a circulación peonil e o acceso ás vivendas ou locais particulares.

4. Son faltas moi graves:

a. A reiteración por dúas veces nun ano en faltas graves.

b. Incumprimento das disposicións sanitarias.

c. A instalación de postos sen autorización.

d. Carecer dalgún dos requisitos esixidos para o exercicio da venda ambulante.

e. A reistencia, coacción ou ameaza á autoridade municipal, funcionarios ou axentes desta.

f. A venda de artigos prohibidos pola Ordenanza ou pola restante normativa, así como de produtos defectuosos que poidan entrañar riscos para a saúde ou para a seguridade dos consumidores.

g. A transmisión da autorización sen previo coñecemento do Concello.

### **Artigo 13. Discrecionalidade, revogación e extinción das autorizacións.**

1. As autorizacións para o exercicio da venda ambulante teñen carácter discrecional e, por conseguinte, poderán ser revogadas polo Concello de Castrelo do Val cando se considere conveniente en atención a desaparición das circunstancias que as motivaron, sen que isto dea lugar a indemnización ou compensación ningunha, agás, se é o caso, á devolución da parte proporcional das taxas pagadas.

2. Son causas de revogación da autorización, trala audiencia do titular e resolución da Alcaldía, entre outras, as seguintes:



- a) Desaparición das circunstancias que motivaron o seu outorgamento ou a aparición doutras que, de existiren, xustificaría a súa denegación.
- b) Concorrenza de causas de utilidade pública ou interese xeral, tales como a execución de obras ou reestruturación das localizacións nas que se sitúe o mercado, ou por incompatibilidade sobrevida da instalación con outros servizos e obras que se estean executando na zona.
- c) O incumprimento das condicións fixadas na licenza que dean lugar a súa revogación, previa tramitación do expediente administrativo, con audiencia ao interesado.
- d) A reiterada falta de limpeza do posto e do seu contorno, unha vez finalizado o mercado.
- e) A ocupación do posto por persoa non autorizada conforme co disposto nesta Ordenanza.

3. As autorizacións para a venda ambulante extinguiránse polas seguintes causas:

- a) A finalización do periodo polo que se autoriza a venda, sen prexuízo da posibilidade de renovación, cando as circunstancias e o tipo de venda ambulante así o permita.
- b) Renuncia ou abandono do titular.
- c) Por imposición de sanción moi grave prevista nesta Ordenanza.
- d) A morte do titular da licenza, podendo, neste caso, concederlles nova licenza, polo tempo que quede ata completar o periodo autorizado, aos seus familiares en primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, e terá preferencia, a falta de designación polo titular, aquel dos anteriores parentes que veña colaborando no exercicio da venda.
- e) A extinción da personalidade xurídica da entidade ou sociedade titular da licenza, e podrá neste caso concederse nova licenza, polo tempo que restase, a calquera dos socios integrantes desta, que deberá, en todo caso, reunir os requisitos esixidos para o exercicio da venda ambulante.
- f) A constitución por parte do titular, por si so ou con terceiros, dunha entidade ou forma asociativa cuxa finalidade sexa o exercicio da venda ambulante, e deberá neste caso concederse nova licenza, polo tempo que restase, á nova persoa resultante, que deberá cumprir os requisitos esixidos para o exercicio da venda ambulante.

#### **Artigo 14. Sancións.**

As infraccións darán lugar ás seguintes sancións:

- 1) Apercibimento á persoa infractora.
- 2) Multa.
- 3) Incautación e perda da mercadoría.
- 4) Pechamento do establecemento ou suspensión da actividade comercial da que se trate por prazo non superior a un ano.



1.As infraccións leves poderán ser sancionadas con apercibimento ou multa de ata 300€. As infraccións graves sancionaránse con multa de 301 a 900€. As faltas moi graves sancionaránse con multas de 901 a 1.500€.

Como sanción accesoria poderá acordarse a revogación da autorización para exercer a venda ambulante para o caso de infraccións graves e moi graves.

2.Correspóndelle a Alcaldía a imposición das sancións previstas nesta Ordenanza, trala instrucción do correspondente procedemento sancionador.

3.As responsabilidades administrativas que se deriven do procedemento sancionador serán compatibles coa esixencia ao infractor da reposición da situación alterada por este ao seu estado orixinario, así como coa indemnización polos danos e perdas causados nos bens de dominio público ocupado.

#### **Artigo 15. Reincidencia.**

Entenderáse por reincidencia a comisión, no periodo dun ano, de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así fose declarado por resolución firme. Malia isto, para cualificar unha infracción como moi grave, so se atenderá á reincidencia en infraccións graves, e a reincidencia en infraccións leves so determinará que unha infracción deste tipo sexa caulificada como grave cando se incorrese en máis de dúas infraccións de carácter leve, cando así fose declarado por resolución firme.

#### **Artigo 16. Cuantía das multas.**

As infraccións leves serán sancionadas cun apercibimento ou unha multa de ata 1.500€. As infraccións graves, cunha multa de 1.501 ata 50.000€. As infraccións moi graves, cunha multa de 50.001 ata 1.000.000€.

#### **Artigo 17. Gradación.**

Parar a gradación das infraccións e sancións aplicables teráse en conta a transcendencia social da infracción, a natureza dos danos causados, o volumen da facturación a que afecta, o grao de voluntariedade ou intencionalidade da persoa infractora, a contío do beneficio obtido, a capacidade ou solvencia económica da empresa, o prazo de tempo durante o que se cometeu a infracción e a reincidencia.

#### **Artigo 18. Prescripción das infraccións.**

As infraccións reguladas nesta Ordenanza prescribirán aos tres anos, as cualificadas como moi graves, aos dous anos, as cualificadas de graves e aos seis meses, as cualificadas como leves (artigo 108 da Lei 13/2010).

### **TÍTULO III. DAS ACTIVIDADES FEIRAIS.**

#### **Artigo 19. Comunicación previa.**

1.A realización de feiras e mercados de ámbito territorial de influencia exclusivamente local, comunicaráselle previamente ao Concello en cuxo termo municipal pretenda realizarse.



O Concello de Castrelo do Val deberá trasladar a comunicación recibida á consellería competente en materia de comercio para a súa incorporación no Rexistro Oficial de Actividades Feirais de Galicia.

2.A persoa organizadora presentará a comunicación previa cunha antelación de catro meses antes da data en que pretenda realizar a actividade.

### **Artigo 20. Requisitos e obrigas.**

1.As persoas organizadoras da actividade feiral farán constar na comunicación previa os seguintes datos:

- Datos de identificación da persoa organizadora da actividade.
- A denominación, o ámbito territorial, a duración, a data e o lugar de realización.
- Os produtos a que se dirixe e a previsión de participantes.
- As características do espazo físico no que se vai desenvolver a actividade, así como os servizos dos que dispón.
- A realización ou non de venda directa.
- Aquelas circunstancias que, de ser o caso, se determinen regulamentariamente.

2.Son obrigas da persoa organizadora da actividade feiral:

- Presentar a comunicación previa nos termos previstos nesta lei e nas normas que a desenvolvan.
- Prestar a garantía que, de ser o caso, se estableza.
- Desenvolver a actividade feiral de conformidade coas condicións reflectidas na comunicación previa e cos preceptos desta Ordenanza.
- Responsabilizarse do cumprimento das prescricións establecidas nesta Ordenanza e na normativa vixente, así como da seguridade das persoas, dos produtos, das instalacións industriais e do ambiente.
- Prestar colaboración que lle sexa requirida pola consellería competente en materia de comercio ou polo Concello no ámbito das súas respectivas competencias.

### **Artigo 21. Sancións.**

Os órganos competentes para impoñer as sancións establecidas na Lei 1/1996, do 5 de marzo, de regulación das actividades feirais de Galicia, serán:

- A persoa titular do departamento territorial correspondente, para as derivadas de faltas leves. Cando a infracción afecte o ámbito territorial de máis dun departamento, será competente a persoa titular da dirección xeral competente en materia de comercio interior.
- A persoa titular da consellería competente en materia interior, para as derivadas de faltas graves.



-O Consello da Xunta, para as derivadas de faltas moi graves.

#### **Disposición derogatoria.**

Á entrada en vigor desta Ordenanza quedan derogadas cantas disposicións municipais anteriores regularan a mesma materia.

#### **Disposición final primeira.**

As normas contidas nesta Ordenanza son complementarias, neste Concello de Castrelo do Val, á Lei 13/2010, do 17 de decembro, do Comercio Interior de Galicia, ao Real Decreto 199/2010, do 26 de febreiro polo que se regula o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria, e á Lei 1/1996, do 5 de marzo, de regulación das actividades feirais de Galicia, e quedan derogadas ou modificadas polas normas regulamentarias ou outras disposicións de desenvolvemento ou complementarias que se ditén de agora en diante, en canto se opoñan a ela. Así mesmo, tivéronse en conta os principios recollidos na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

#### **Disposición final segunda.**

Esta Ordenanza, unha vez aprobada polo Pleno da Corporación, entrará en vigor unha vez publicado enteiramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo de 15 días ao que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

